

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 19 DE SETEMBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se modifica o Decreto 112/2011, do 3 de xuño, polo que se regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das organizacións de produtores de leite na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDO

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Festa das Pepitas de Ferrol; o Entroido da Ulla-Entroido dos Xenerais en oito concellos das provincias da Coruña e Pontevedra e a Festa da Castaña de Folgoso do Courel.
- Acordo polo que se aproba o Protocolo de actuacións a levar a cabo pola Xunta de Galicia en relación coa comparecencia nas dilixencias penais instruídas como consecuencia dos incendios forestais e reforzamento do apoio aos órganos administrativos sancionadores pola Policía Autonómica.
- Acordo polo que se aproba o inicio do III Plan de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Cabana de Bergantiños á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria do programa do Igape de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013 e a superación das porcentaxes nos pagamentos a conta e nos pagamentos anticipados.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2013, 2014 e 2015, por un importe total de cento trinta e dous mil cincocentos dezaseis euros (132.516,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2013, 2014 e 2015, por un importe total de dezasete mil douscentos trinta e oito euros (17.238,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2013, 2014 e 2015, por un importe total de dezanove mil cincocentos seis euros (19.506,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de situación do I e II Plan de avaliación de entidades dependentes activados na Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adxudicación da contratación do Servizo Corporativo da Rede de Telecomunicacións para os centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde así como a xestión, administración e monitorización desta en horario 24 x 7 durante os 365 días do ano.
- Informe sobre o Centro de Servizos Sanitarios Multicanle: o teléfono único do Sergas.

A XUNTA AVANZA NA TRANSPARENCIA E SEGURIDADE CO NOVO REGULAMENTO DE MÁQUINAS RECREATIVAS E DE AZAR

- ***Acádase así unha normativa que se adapta aos cambios producidos no sector do xogo nos últimos anos***

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de decreto polo que se modifica o regulamento de máquinas recreativas e de azar da comunidade autónoma galega, atendendo así á necesidade de adaptalo as modificacións operadas na Lei reguladora dos xogos e apostas galega.

Grazas a estas modificacións no Decreto 39/2008, acádase unha norma moderna e adaptada aos cambios experimentados polo sector do xogo nos últimos anos. Esta norma avanza na transparencia e seguridade no funcionamento das máquinas recreativas e de azar, e tamén na simplificación de trámites.

Unha das modificacións do regulamento consiste na redefinición das máquinas B, as coñecidas coma tragamoedas, para salóns, bingos e casinos que pasan a denominarse máquinas B especial e constitúense nunha tipoloxía independente das máquina B. Ademais, prevese a posibilidade de autorizar a instalación de sistemas de provisión remota de xogos para máquinas de tipo B especial e de tipo C a través dun servidor central.

Desenvólvese o réxime xurídico das máquinas A especial, que son aquelas que a cambio dun prezo, ademais de conceder un tempo de recreo, poden conceder un premio en cuxa obtención influirá a habilidade ou destreza do usuario. Poden ser instaladas en locais de hostalaría, salóns de xogo, bingos e casinos. Grazas a esta nova regulación posibilitase a inclusión deste tipo de máquinas no mercado de máquinas na nosa comunidade autónoma.

Ademais, autoriza a posibilidade de interconectar máquinas de tipo B en establecementos de hostalaría e amplíanse os importes dos premios que se poden conceder a través de sistemas de interconexión de máquinas en salóns, bingos e casinos.

No aspecto xurídico, a presente normativa desenvolve un cambio na configuración legal de todas as máquinas recreativas e de azar, mediante a actualización dos requisitos co obxectivo de acadar unha maior flexibilización normativa. Esta modificación tamén ten por obxecto a harmonización terminolóxica entre a normativa de máquinas recreativas e a normativa de metroloxía.

Así mesmo, introdúcense melloras na regulación da homologación dos modelos de máquinas, así como na tramitación das distintas autorizacións administrativas que deben requirirse para a explotación destas. É cómpre destacar a introdución no regulamento dunha exigencia que fortalece a seguridade xurídica e complementa a transparencia da actividade das empresas do sector, como que as empresas operadoras deban remitir á dirección xeral competente en materia de xogo os datos de volume de xogo e premios outorgados polas máquinas.

O CONSELLO APROBA O CAMBIO DA NORMA QUE REGULA O RECOÑECIMENTO E REXISTRO DAS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES DE LEITE

- *O principal obxectivo deste decreto é a adaptación do marco xurídico galego aos cambios operados na normativa comunitaria e estatal básica na materia*
- *Con esta norma búscase contribuír a equilibrar a cadea do valor do mercado de leite, potenciando a capacidade de negociación dos produtores mediante a concentración da oferta e a obrigatoriedade de realizar contratos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se modifica o Decreto 112/2011, do 3 de xuño, polo que se regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das organizacións de produtores de leite na Comunidade Autónoma de Galicia.

O principal obxectivo desta norma é a adaptación do marco xurídico galego aos cambios operados na normativa comunitaria e estatal básica en materia de recoñecemento e rexistro de organizacións de produtores de leite e as súas asociacións, así como no ámbito das condicións de contratación no sector.

Con esta norma búscase contribuír a equilibrar a cadea do valor do mercado de leite, potenciando a capacidade de negociación dos produtores mediante a concentración da oferta e a obrigatoriedade de realizar contratos, autorizando ás organizacións de produtores e as súas asociacións para negociar de maneira colectiva os termos dos ditos contratos.

Procúrase ademais o recoñecemento da capacidade negociadora das organizacións de produtores de leite e as súas asociacións de maneira colectiva dos termos dos contratos, sen distorsionar a competencia.

Ao tempo, con esta norma perséguese o fortalecemento, a través deste instrumento, das figuras dos contratos no sector lácteo como elemento nuclear de garantía do equilibrio no sector.

O decreto define tamén as funcións outorgadas ás organizacións de produtores de leite e as súas asociacións, así como os requisitos que deberán cumprir estas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA CASTAÑA DE FOLGOSO DO COUREL

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***A Festa das Pepitas de Ferrol e o Entroido dos Xenerais do Ulla obtiveron hoxe tamén a aprobación para ter a distinción***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 93 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Castaña de Folgoso do Courel. Esta festividade ten lugar tradicionalmente no concello de Folgoso do Courel, alternativamente en Folgoso e en Seoane e celébrase a comezos do mes de novembro desde o ano 1986.

As xentes da comarca reúnen neste enclave para degustar castañas asadas e viño acompañados por actuacións musicais da banda de gaitas e por outras actuacións e actividades como exposicións de artesanía rural, celebracións relixiosas ou tamén degustacións de produtos derivados da castaña ou que teñen as castañas como ingrediente principal.

A declaración comporta a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais da Festa da Castaña de Folgoso do Courel, o Consello da Xunta aprobou hoxe outras dúas declaracións para festas de Interese Turístico de Galicia, a da Festa das Pepitas, en Ferrol, e mais o Entroido dos Xenerais do Ulla.

Con estas novas declaracións, a comunidade galega conta xa con 93 Festas de Interese Turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 Festas coa declaración de Interese Turístico Nacional e as 6 co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DAS PEPITAS DE FERROL

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***O Entroido dos Xenerais da Ulla e a Festa da Castaña de Folgoso do Courel obtiveron hoxe tamén a aprobación para ter a distinción***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 93 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa das Pepitas, en Ferrol xa que, ademais de cumprir os requisitos pertinentes, constitúe un importante reclamo para a zona. A festa celébrase na véspera da celebración de San Xosé. Trátase dunha festa que se vén celebrando desde finais do século XIX na que os ferroláns e os visitantes homenaxean ás 'pepitas' a través de rondallas e cantigas. Numerosos grupos de Ferrol e a súa comarca, con guitarras e outros instrumentos musicais e ataviados con capas van rondar baixo os balcóns das casas. Tamén se celebra un festival no que participan as rondallas da cidade, entre outras múltiples actividades.

A declaración da celebración como Festa de Interese Turístico de Galicia comporta a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais da Festa das Pepitas de Ferrol, o Consello da Xunta aprobou hoxe outras dúas declaracións para festas de Interese Turístico de Galicia, o Entroido dos Xenerais do Ulla e mais a Festa da Castaña, en Folgoso do Courel.

Con estas novas declaracións, a comunidade galega conta xa con 93 Festas de Interese Turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 Festas coa declaración de Interese Turístico Nacional e as 6 co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA O ENTROIDO DOS XENERAIS DA ULLA

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***A Festa das Pepitas de Ferrol e a Festa da Castaña de Folgoso do Courel obtiveron hoxe tamén a aprobación para ter a distinción***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 93 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para o Entroido dos Xenerais do Ulla de Boqueixón, Teo, Touro, Vedra, Santiago de Compostela, Vila de Cruces, Silleda e A Estrada. O Entroido dos Xenerais do Ulla cumpre os criterios precisos para a súa valoración e trátase dunha celebración orixinal da comarca da Ulla, con referencias documentadas nos anos 70 do século XIX e conta cunha alta participación, de modo que presenta orixinalidade, antigüidade e arraigamento.

Os personaxes máis relevantes desta celebración son os xenerais e os correos a cabalo que, acompañados de abandeirados, coros, comparsas e parrandas, percorren as parroquias da zona e escenifican diversas escenas. As diferentes parroquias presentan incluso singularidades e manteñen os seus trazos definitorios. A espectacularidade deste Entroido tradicional galego logra atraer cada ano a numerosos viaxeiros á comarca da Ulla na que existen numerosos puntos de interese turístico.

A declaración comporta a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais do Entroido dos Xenerais do Ulla, o Consello da Xunta aprobou hoxe outras dúas declaracións para festas de Interese Turístico de Galicia, a da Festa das Pepitas, en Ferrol, e mais a Festa da Castaña, en Folgoso do Courel.

Con estas novas declaracións, a comunidade galega conta xa con 93 Festas de Interese Turístico de Galicia, ás que hai que engadir as 13 Festas coa declaración de Interese Turístico Nacional e as 6 co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional.

A XUNTA ACTIVA UN PROTOCOLO PARA AXILIZAR A SÚA COMPARECENCIA NAS DILIXENCIAS PENAIS INSTRUÍDAS NOS CASOS DE INCENDIOS FORESTAIS

- ***Os letrados do Goberno galego solicitarán medidas de prisión provisional para evitar o risco de que os incendiarios poidan repetir os feitos***
- ***A Xunta reclamará os gastos de extinción e os danos ambientais, que serán cuantificados por Medio Rural e Emerxencias e Interior***
- ***Iniciaranse as modificacións legislativas necesarias para que as denuncias da UPA supoña, automaticamente, a apertura de expedientes sancionadores***

O Consello da Xunta analizou hoxe o protocolo que se vén de activar para axilizar e garantir a comparecencia nas dilixencias penais instruídas a consecuencia de incendios forestais, mediante o cal cando se teña coñecemento da existencia dunhas dilixencias previas por un delito de incendio forestal, o Goberno galego comparecerá de xeito inmediato nestas como acusación particular.

Este protocolo ten por obxecto asegurar a comparecencia inmediata da Xunta, a través da asesoría xurídica, nas dilixencias penais que se instrúan como consecuencia dos incendios forestais. A través do protocolo que se vén de activar garántese unha mellor coordinación entre os órganos involucrados, establecéndose mecanismos claros de comunicación e información, o que facilita a comparecencia inmediata, de tal xeito que os servizos xurídicos da Xunta poidan estar no proceso desde o seu inicio.

Así, a Vicepresidencia unificará a información dispoñible na Administración galega, así como a que recabe doutras administracións a través dos mecanismos de coordinación previstos no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA); no Acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en materia de delincuencia ambiental, contra a ordenación do Territorio e o Patrimonio Cultural (2005); e no Comité de Coordinación Policial Antiincendios, para efectos de darlle traslado á Asesoría Xurídica da Xunta dos datos de dilixencias penais abertas, para así proceder a comparecer nelas.

Ademais, os letrados do Goberno galego solicitarán medidas de prisión provisional para evitar o risco de que os imputados como incendiarios poidan repetir os feitos. Para estes efectos, ponderarase para a petición de prisión provisional, a existencia de imputación de delito doloso especialmente nos casos de imputados reincidentes. A Policía Autonómica subministrará á Asesoría Xurídica os informes ou datos oportunos sobre a reincidencia.

Así mesmo, a Xunta reclamará os gastos de extinción e os danos ambientais, que serán cuantificados mediante informes da Consellería de Medio Rural e do Mar, así como da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Os gastos de extinción comprenderán todos os causados polo incendio, incluídas as eventuais gratificacións do persoal por servizos extraordinarios que deba aboar a administración autonómica, os custos de medios aéreos e terrestres, combustible, material empregado ou a reparacións dos vehículos danados.

Nestes gastos incluíranse tamén o importe das indemnizacións que a administración autonómica teña que aboar a terceiros por danos no seus bens polas actuacións necesarias para contrarrestar a acción do lume e permitir a súa extinción.

O protocolo encomenda a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia velar pola coordinación de actuacións da Administración Autonómica coa Fiscalía na materia de incendios forestais a través da Comisión de colaboración prevista no acordo de cooperación que establece a comunicación entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en materia de Delincuencia Ambiental, contra a ordenación do Territorio e o Patrimonio Cultural.

Reforzo da Policía Autonómica á Consellería do Medio Rural

Doutra banda, o protocolo tamén establece unha serie de actuacións para reforzar o apoio que presta a Policía Autonómica aos servizos da Consellería do Medio Rural e do Mar, no que se refire á vixilancia do cumprimento da normativa en materia de montes e incendios.

Así, na súa condición de axentes da autoridade, os membros da UPA levantarán denuncias de todas as infraccións que observen da dita normativa, nomeadamente no relativo a autorizacións e comunicacións de queimas e á súa suspensión temporal. Estas denuncias trasladaranse aos órganos sancionadores de Medio Rural, que inmediatamente iniciarán os correspondentes expedientes de sanción.

Para coordinar todas estas actuacións e homoxeneizar a tramitación dos procedementos sancionadores, crearase unha comisión con representantes da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Asesoría Xurídica Xeral.

Esta comisión tamén será a encargada de propor accións formativas para a Policía Autonómica e a Garda Forestal, así como de abordar a realización das modificacións legislativas necesarias para posibilitar que as denuncias da UPA determinen, de seu, o inicio automático do correspondente procedemento sancionador. Estas modificacións legislativas incluíranse no primeiro proxecto de lei emanado do Goberno da Xunta de Galicia para a súa aprobación pola Cámara galega.

GALICIA COVÉRTESE NA PRIMEIRA AUTONOMÍA QUE COMPLETA A EVALUACIÓN DE TODOS OS ENTES DA ADMINISTRACIÓN PARALELA

- ***O Consello da Xunta aprobou o arranque do terceiro Plan de Racionalización dos entes dependentes da Xunta***
- ***Culmínase un proceso pioneiro que arrancou hai catro anos e que permitirá reducir, simplificar e adaptar a Administración ao actual contexto económico***
- ***Nas dúas primeiras fases do Plan de Racionalización extinguíronse 57 entes e introducíronse máis de 400 melloras, cun aforro superior aos 40 millóns de euros anuais***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o arranque da terceira fase do proceso de racionalización da Administración paralela, co inicio da avaliación previa dos entes que quedaban por analizar. Galicia convertese, deste xeito, na primeira Administración Pública en revisar e someter a axuste a todos os seus entes instrumentais -160 en total a través dos plans e dalgunha operación puntual realizada fóra deles-; nun proceso pioneiro de redución, simplificación e adaptación da súa estrutura ao actual contexto económico.

Nesta terceira fase, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Xunta someterá a auditoría a 32 organismos e concluirá, como nas dúas fases anteriores, cunha completa radiografía do seu funcionamento que permitirá facer propostas concretas, ben sexa de supresión ou de continuidade e introdución de medidas de eficiencia.

Os entes que se avaliarán nesta terceira fase serán a Fundación Galicia América; Centro Informático para a Xestión Tributaria, Financeira e Contable (CIXTEc); Instituto Galego de Estatística (IGE); Consello Galego da Competencia Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística (APLU); Consorcio Casco Vello de Vigo; Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS); Instituto de Estudos do Territorio; Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. SOGAMA e a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI GALICIA, S.A.).

Así mesmo tamén se van a analizar o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA); Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño; Fundación de Sotavento de Galicia; Instituto Galego do Consumo IGC; Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco SODIGA; Xesgalicia S. Xestora Entidades de Capital Risco, SA; Parque Tecnolóxico de Galicia, SA; Vigo Convention Bureau; Galioil, SA; Fundación do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia GRADIANT; Sotavento Galicia S.A.; Cidade Tecnolóxica

de Vigo SA CITE XVI; Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña; e Adiante 2000, Fondo de Capital Riesgo.

Por último, revisaranse tamén a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional; Fundación Camilo José Cela; Fundación Illa de San Simón; Fundación Dieta Atlántica; Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia; Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria FEGAS; Fundación Galega de Formación para o Traballo; e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural AGADER.

Informe de execución do I e II Plan

Doutra banda, a Vicepresidencia da Xunta tamén deu conta dun novo informe de seguimento da execución das dúas primeiras fases do Plan de Racionalización da Administración Paralela. Neste informe, recollese que dos preto de 120 entes nos que actuou o Goberno galego ata agora, xa foron extinguidos 57 e nos restantes introducíronse máis de 400 medidas concretas de eficiencia. O aforro acumulado en todo o proceso, tanto na primeira como na segunda fase, ascende a máis de 40 millóns de euros anuais.

Dende o comezo da anterior lexislatura, o Goberno galego situou a racionalización da administración instrumental como un obxectivo estratéxico das políticas de austeridade e de reforma administrativa. Nese sentido, Galicia foi a primeira administración pública do Estado en romper a tendencia expansiva que viña caracterizando a evolución do sector público nos anos anteriores, ao abordar un proceso integral de mellora e simplificación. Un proceso que hoxe avanza cara a súa culminación, despois de catro anos de intenso e rigoroso traballo por parte da Administración.

Sen embargo, o compromiso da Xunta coa racionalización non remata neste punto e seguirase apostando pola revisión constante a a mellora continua. Por iso, segundo lembrou Rueda, o Proxecto de Lei de Racionalización do Sector Público Autonómico - que entregouse no Parlamento hai unhas semanas- incorpora previsións e esixencias moi concretas neste sentido. Así, a Xunta terá que aprobar periodicamente plans de avaliación e reestruturación, tanto da administración xeral como da instrumental, e a creación de novos entes quedará supeditada á emisión de informe favorable que acredite a súa necesidade.

O CONCELLO CORUÑÉS DE CABANA DE BERGANTIÑOS DELEGA AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS NA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre APLU e o municipio coruñés***
- ***Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50% pasará á Xunta e o 50% restante ao concello***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello coruñés de Cabana de Bergantiños.

Este acordo permite que o municipio delegue na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións. As actuacións terían que estar situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos

emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos

Nestes momentos hai 60 concellos adheridos á axencia, que colabora coa administración local co fin de garantir un maior cumprimento da normativa urbanística e atallar as infraccións que se comenten así como repor a realidade física alterada, ademais de achegar maior información e formación para o persoal do concello.

CONCELLOS ADHERIDOS Á APLU

Concello	Provincia
ARES	A CORUÑA
FENE	A CORUÑA
CARBALLO	A CORUÑA
CABANAS	A CORUÑA
MIÑO	A CORUÑA
PORTO DO SON	A CORUÑA
LOUSAME	A CORUÑA
MUGARDOS	A CORUÑA
CARIÑO	A CORUÑA
ARZÚA	A CORUÑA
TOQUES	A CORUÑA
DODRO	A CORUÑA
VAL DO DUBRA	A CORUÑA
OROSO	A CORUÑA
PONTECESO	A CORUÑA
A BAÑA	A CORUÑA
A CAPELA	A CORUÑA
CEDEIRA	A CORUÑA
BOIMORTO	A CORUÑA
CASTROVERDE	LUGO
BECERREÁ	LUGO



BEGONTE	LUGO
RIBEIRA DE PIQUÍN	LUGO
O SAVIÑAO	LUGO
VALADOURO	LUGO
PANTÓN	LUGO
LOURENZÁ	LUGO
TRABADA	LUGO
TABOADELA	OURENSE
CORTEGADA	OURENSE
PADERNE DE ALLARIZ	OURENSE
PUNXÍN	OURENSE
MACEDA	OURENSE
ENTRIMO	OURENSE
PARADA DE SIL	OURENSE
AMOEIRO	OURENSE
SAN AMARO	OURENSE
VILAMARÍN	OURENSE
PETÍN	OURENSE
CASTRELO DE MIÑO	OURENSE
VILARDEVÓS	OURENSE
NOGUEIRA DE RAMUÍN	OURENSE
VERÍN	OURENSE
PIÑOR	OURENSE
O BARCO DE VALDEORRAS	OURENSE
GOMESENDE	OURENSE
CASTRELO DO VAL	OURENSE
CARBALLEDA DE AVIA	OURENSE
MASIDE	OURENSE
A GUARDA	PONTEVEDRA
PONTEAREAS	PONTEVEDRA
MEAÑO	PONTEVEDRA
NIGRÁN	PONTEVEDRA
PONTECESURES	PONTEVEDRA
VILABOA	PONTEVEDRA
MORAÑA	PONTEVEDRA
CUNTIS	PONTEVEDRA
CALDAS DE REIS	PONTEVEDRA
FORCAREI	PONTEVEDRA
OIA	PONTEVEDRA

A XUNTA DESTINA 1,4 MILLÓNS PARA IMPULSAR O ACCESO AO MERCADO LABORAL DE 135 NOVOS TITULADOS

- *As bolsas, promovidas pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, incrementan un 40% o seu orzamento facilitando a formación dos mozos galegos en internacionalización, cooperación empresarial e competitividade*
- *Os seleccionados recibirán formación especializada antes e durante o período de prácticas, no que poderán prestar servizos en varias pemes ou entidades diferentes, tutorizados por expertos*
- *A selección farase polo sistema de concorrencia competitiva, baseándose no expediente académico, a formación adicional, a titulación obtida e o coñecemento de idiomas*

A Consellería de Economía e Industria, co obxectivo de reter o talento dos novos titulados en beneficio do tecido empresarial da Comunidade, vén de activar, por segundo ano consecutivo, as bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas. Este programa do Igape, que achegará a primeira oportunidade no mundo da empresa a 135 mozos galegos, aposta pola formación práctica nos eidos da internacionalización, o emprendemento, a cooperación empresarial e a mellora competitiva, coa finalidade de que o labor desempeñado polos bolseiros non só incremente as súas posibilidades de inserción laboral, senón que redunde en beneficio do tecido empresarial.

Para acadar esta meta, e ante a boa acollida da primeira convocatoria, que está a permitir formar un centenar de titulados galegos, o Goberno galego incrementa un 40% o orzamento da anterior convocatoria ata superar os 1,4 millóns de euros. Deste xeito, os bolseiros seleccionados polo Igape terán a oportunidade de traballar en proxectos de mellora competitiva en empresas beneficiadas polo Igape. Ademais, no eido da internacionalización, poderán colaborar coas empresas nas distintas iniciativas promovidas polo instituto para impulsar súa a saída ao exterior.

No tocante á cooperación empresarial, os bolseiros integraranse nos diferentes clústers galegos que participan na liña específica de apoios habilitada este ano, participando do labor que desempeñan tanto no impulso tecnolóxico como na innovación e na captación de novas empresas levada a cabo por estas asociacións.

Así mesmo, as bolsas recollen tamén a avaliación de proxectos empresariais levados a cabo polos distintos axentes que se integrarán na futura Unidade Galicia Emprende, facilitando aos beneficiarios o contacto directo con múltiples iniciativas emprendedoras.

Para seleccionar as empresas e axentes, formalizarase un convenio de colaboración con aquelas de probada solvencia económica e técnica. Unha vez escollidas, os beneficiarios recibirán formación especializada antes e durante o período de prácticas, no que poderán prestar servizos en varias pemes ou entidades diferentes, titorizados por expertos.

Poden aspirar a estas bolsas formativas os mozos sen experiencia laboral previa no ámbito da súa especialidade, e que obtivesen, con posterioridade ao 31 de decembro de 2007, algunha das seguintes titulacións universitarias: física, enxeñaría, matemáticas, química, ciencias económicas e empresariais, administración e dirección de empresas, ciencias empresariais, economía e dereito. A selección realizarase polo sistema de concorrencia competitiva, baseándose no expediente académico, a formación adicional, a titulación obtida e o coñecemento de idiomas.

CULTURA E EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, VIGO E A CORUÑA PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN DO GALEGO NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- ***Os convenios teñen por obxectivo a promoción da historia lingüística e literaria galega***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará preto de 170.000 euros ao impulso das actividades de investigación da historia da lingua e a literatura galega a través da actividade que realiza o Centro Ramón Piñeiro en colaboración coas tres universidades galegas. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura de senllos convenios coas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, ao abeiro do que se desenvolverá un completo programa de actividades destinadas a afondar no estudo filolóxico e conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas da nosa historia lingüística e literaria.

Ao abeiro destes convenios desenvolveranse proxectos como o proxecto sintetizador de voz, o Termigal, a base de datos do Atlas Lingüístico Románico, o Código de Dereito Galego en Liña, o proxecto etiquetador-lematizador para o galego actual, e mais o Corpus Documentale Latinum Gallaeciae; traballos todos eles realizados no Centro Ramón Piñeiro.

Coa renovación desta colaboración coas universidades a Consellería promove a normalización da lingua galega a través da investigación e conservación dos trazos máis antigos da súa identidade. Ao mesmo tempo, contribúese á recuperación, canalización, difusión e proxección do galego, tanto no ámbito exterior como interior.

SANIDADE AFORRARÁ CINCO MILLÓNS DE EUROS NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE TELECOMUNICACIÓNS

- ***O novo contrato conta cun investimento de 28 millóns de euros para un período de tres anos***
- ***Incrementarase a capacidade das liñas de comunicación de máis do 50% dos centros sanitarios, dotándoos a todos con banda larga***
- ***O Sergas asume a telefonía dos máis de 100 consultorios localizados en locais dos concellos, aforrándolles o custo do servizo***
- ***Acadouse como mellora a dotación das liñas troncais de alta capacidade e o equipamento de transmisión e de rede troncal necesarios para a posta en funcionamento do novo hospital de Vigo***

A Consellería de Sanidade está a tramitar a contratación do servizo da rede de telecomunicacións para os centros dependentes da Consellería e do Servizo Galego de Saúde, así como a súa xestión, administración e monitorización as 24 horas do día, durante os 365 días do ano. Este contrato, adxudicado a Telefónica, conta cun investimento de 28 millóns de euros para os tres próximos anos, o que permite acadar un aforro de 5 millóns de euros respecto ao actual.

O obxectivo de Sanidade é acadar as mellores condicións económicas e técnicas, a máxima eficiencia na xestión e modernización tecnolóxica nun ámbito no que cada vez é máis necesario o acceso á información clínica en lugares afastados.

Desta forma, manteranse os actuais servizos de telecomunicacións e o Sergas obterá importantes melloras no ámbito da dispoñibilidade, capacidade e evolución da rede a través de aspectos como a tarifa plana de voz e datos en telefonía fixa e móbil ou o cambio de todas as centraliñas analóxicas existentes por tecnoloxía IP.

Ademais, a totalidade dos centros sanitarios contarán con acceso á banda larga; aumentarase o caudal de 100Mbps a 1Gbps en todos os hospitais comarcais, en máis de 25 sedes con caudal inferior a 200Mbps aumentaranse a 1Gbps e en máis de 90 sedes que actualmente dispoñen dun caudal inferior ou igual a 50Mbps aumentarase a 100Mbps.

Este contrato integrará na rede de telefonía do Sergas os máis de 100 centros de saúde situados en locais dos concellos, evitando así os custos que este servizo de voz lles implicaba.

Tamén se acadou como mellora a dotación das liñas troncais de alta capacidade e o equipamento de transmisión e de rede troncal necesarios para a posta en funcionamento do novo hospital de Vigo.

O TELÉFONO ÚNICO DO SERGAS XESTIONOU, DESDE A SÚA POSTA EN MARCHA MÁIS DE 11 MILLÓNS DE CHAMADAS

- ***Este sistema permite solicitar cita para calquera categoría profesional dos centros de saúde, retrasar ou anular citas hospitalarias e acceder á consulta telefónica***
- ***Un total de 484 números de teléfono diferentes intégranse nesta plataforma***
- ***Garante un custo para o cidadán de chamada local permitíndolle aforros nas súas chamadas***

O sistema integrado de atención das chamadas telefónicas do Sergas, a través do número de teléfono 902 077 333, xestionou máis de 11 millóns de chamadas desde a súa posta en marcha no ano 2010.

Actualmente, todo o sistema de cita previa dos centros de saúde de Galicia está integrado no teléfono único do Sergas, configurando unha plataforma a disposición de todos os galegos desde a que se pode acceder a todo tipo de servizos tanto administrativos como asistenciais e de información. Ademais, garante un custo para o cidadán de chamada local permitíndolle aforros nas súas chamadas.

Así, un total de 484 números de teléfono diferentes intégranse nesta plataforma para que funcionalmente traballen dun xeito conxunto como vía única de acceso telefónico ao sistema sanitario. Desta forma, o cidadán elixe o medio que lle resulta máis cómodo e económico para pedir cita, chamar ao seu centro ou ao 902 en calquera franxa horaria os 7 días da semana, garantindo sempre a atención da chamada.

Este teléfono está ademais integrado co servizo de cita previa en atención primaria da páxina web do Sergas (www.sergas.es), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día os sete días da semana.

Maior oferta de servizos

Este sistema permite solicitar cita para calquera categoría profesional dos centros de saúde, cando o anterior só ofertaba servizos de cita previa nos centros de saúde para médico de familia e pediatra.

Ademais, este sistema tamén permite solicitar o retraso ou anulación de citas hospitalarias e acceder á consulta telefónica (chamadas de orientación clínica ao paciente por parte do persoal sanitario da Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061). Preténdese continuar ofertando novos servizos asistenciais, administrativos e de información.

Multicanle

O teléfono único implica ao persoal propio dos centros na petición de cita telefónica; este persoal é o primeiro ao que se dirixen as chamadas dos pacientes para solicitar unha cita. Co obxectivo de dar sempre resposta ao usuario, en caso de que os centros de saúde non poidan atender unha chamada é derivada ao sistema de recoñecemento de voz (IVR). Se non é posible resolvelo mediante este sistema, en último caso diríxese a operadores externos.